

PROTOCOLO DE ACOLLIDA E DETECCIÓN DE NECESIDADES DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Aprobado en Xunta de Centro o 29/10/2018

Dentro do seu compromiso co alumnado con necesidades educativas especiais a Universidade de Vigo aprobou, no Consello de Goberno de 24 de xullo de 2013, o *Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo*, para regular as accións de atención académica necesarias para fomentar a permanencia deste estudiantado na Universidade de Vigo, e garantir o seu apoio durante o período de estudos na mesma.

Segundo o artigo 9.d do anterior Regulamento, deberase:

“Informar e asesorar o profesorado e o persoal de administración e servizos implicado, e os centros que van atender o estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, e facilitar os medios necesarios para a colaboración entre o persoal implicado e o profesorado titor no ámbito da resposta educativa e organizativa.”

Co fin de facilitar a integración e permanencia do alumnado que participa no *Programa de integración de universitarios con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE)* na Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI), e para detectar os posibles necesidades que poidan xurdir durante a vida académica dos e das estudantes na ESEI, establécense os seguintes protocolos de actuación para cada curso académico.

ACOLLIDA

Cando un/unha estudante participe de xeito oficial no PIUNE:

1) A unidade responsable comunicará ao Centro o nome do alumnado que participa neste programa, a través da persoa responsable do PIUNE na ESEI, que a

continuación contactará tanto coa Dirección do Centro coma co profesorado implicado para proporcionarlle a información necesaria.

2) Cada estudante participante no PIUNE deberá presentarse a cada profesor/a que lle imparte docencia en cada unha das materias das que está matriculado/a, informando da súa inclusión no devandito programa.

3) En caso de ser necesario o establecemento dun programa de atención personalizada, a unidade responsable será a encargada de poñelo en coñecemento do profesorado de cada materia matriculada polo estudante participante no PIUNE.

DETECCIÓN DE NECESIDADES

No caso de que calquera membro do profesorado detecte necesidades, problemas ou incumprimentos dos programas personalizados por parte do alumnado participante no PIUNE:

1) Contactará coa persoa responsable do PIUNE na ESEI, que informará do problema ou necesidade a Dirección do Centro e a unidade responsable.

2) A unidade responsable desenvolverá as accións necesarias e comunicaraas á Dirección da ESEI, a través da persoa responsable do PIUNE, e ao profesorado implicado, de ser necesario.

No caso de que calquera estudante participante no PIUNE atope necesidades ou problemas con algunha materia das que estea matriculado:

1) Comunicarao á unidade responsable, que contactará co profesorado da materia.

2) De non atopar solución entre o profesorado e a unidade responsable, esta última informará da situación a Dirección da ESEI, a través da persoa responsable do PIUNE.

3) A Dirección da ESEI, de acordo coa unidade responsable e o profesorado da materia, tomará as accións oportunas para resolver a situación.

4) En calquera caso, o/a estudante será informado pola unidade responsable das medidas adoptadas para solucionar a problemática xurdida.